

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A área de Comunicación e Representación da Realidade pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Os obxectivos da área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa. Por unha banda, abórdase unha perspectiva comunicativa e, pola outra, perséguese un enfoque interactivo nun contexto plurilingüe e intercultural. Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais.

Por outra banda, a comunicación permite interpretar e representar o mundo en que vivimos. Por iso se inclúe tamén un obxectivo relacionado co achegamento ás manifestacións culturais asociadas ás diferentes linguaxes que se integran na área, como un primeiro paso cara ao recoñecemento e á valoración da realidade multicultural e plurilingüe desde a infancia.

Nesta etapa iníciase o desenvolvemento das destrezas comunicativas, que evolucionarán desde as primeiras interaccións a través da emisión de sons e da expresión corporal e xestual, ligadas basicamente á satisfacción das súas necesidades primarias, ata a adquisición dos códigos de diferentes linguas e linguaxes para producir mensaxes de crecente complexidade, de maneira eficaz, persoal e creativa. A área recolle a achega de instrumentos tanto na súa dimensión receptiva coma produtiva e incorpora as múltiples maneiras que ten o ser humano de representar a realidade e de comunicarse.

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta. Por iso, a súa adquisición e desenvolvemento ocupa un lugar de especial relevancia nesta etapa.

Partimos de situacións de descubrimento de sons e de recoñecemento de fontes sonoras para progresivamente avanzar cara á adquisición da lingua oral, que se estimulará a través da interacción coas demais persoas, que ofertan modelos e dan significado ás diversas interaccións, o que favorece o acceso a formas e usos cada vez máis complexos, incluídos algúns elementos da comunicación non verbal. En calquera caso, a situación central da comunicación oral non pode ocultar a importancia fundamental que ten tamén nestes primeiros anos a comunicación non verbal.

Será preciso crear un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles e que estableza relacións entre elas, na busca de que o alumnado desenvolva a capacidade de realizar transferencias. É o caso da linguaxe escrita, un contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que despertará a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural. Ese interese incrementárase se se deixan ao seu alcance libros e outros textos que recollan todo tipo de intereses. Esta primeira aproximación débese producir no quefacer cotián da aula, enmarcada en situacións funcionais e significativas para as nenas e os nenos, tendo claro que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba alcanzar nesta etapa.

Nesta etapa educativa iníciase tamén o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo e empézase a tecer, desde a escoita das primeiras nanas, arrollos e contos no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. É a etapa da literatura

oral por excelencia. A creación na aula dun espazo cálido e acolledor onde situar a biblioteca favorecerá tamén o achegamento natural á literatura, para construír significados, despertar a súa imaxinación e fantasía, achegalos a realidades culturais propias e alleas e presentarlles outros mundos. Así mesmo, debemos favorecer que o alumnado de infantil coñeza e utilice a biblioteca do centro e que descubra todas as posibilidades que ofrece para achegarse non só ao mundo literario, senón tamén a ámbitos como o maker, a radio ou outros.

Así mesmo, debe prestarse especial atención ao desenvolvemento de actitudes positivas e de respecto tanto cara ao repertorio lingüístico persoal como ao das demais persoas, co fin de despertar a sensibilidade e a curiosidade por coñecer outras linguas e convidando a explorar outras formas de expresión. E sempre desde a realidade da nosa comunidade, na que conviven dúas linguas cooficiais que o alumnado debe coñecer, utilizar e valorar como parte da súa identidade.

As nenas e os nenos atópanse inmersos nunha sociedade na que o dixital afecta a nosa forma de comunicarnos, de obter información, de aprender ou de relacionarnos. É, polo tanto, responsabilidade da persoa docente establecer pautas para o desenvolvemento de hábitos de uso saudables das ferramentas e tecnoloxías dixitais referidos principalmente aos tempos e aos momentos de uso por parte do alumnado, á diferenciación entre imaxe e realidade e ao acceso a contidos adecuados. Débese iniciar así un proceso de alfabetización dixital desde as primeiras etapas

educativas que se centrará en que o alumnado

comprenda o papel creativo e comunicativo das ferramentas tecnolóxicas, máis alá dun uso de lecer pasivo e do consumo de contidos.

As linguaxes artísticas, en tanto que sistemas simbólicos, adquiren unha particular relevancia nesta etapa. Proporcionan un leito diferente, variado e flexible para expresarse, mostrar o seu mundo interior e explorar e relacionarse coa contorna con maior liberdade e axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despreparar a imaxinación. A primeira infancia asómbrase constantemente porque nada se dá por suposto. A creatividade, tan presente nesta etapa, ten que ver coa curiosidade vital. A tarefa docente debe ser acompañala e proporcionar as ferramentas para consolidala. A linguaxe musical é un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros. Da mesma maneira, tamén se aproximarán ao coñecemento de distintas manifestacións

musicais en ambas as linguas cooficiais, así como noutras presentes na contorna, o que espertará progresivamente a súa conciencia cultural e favorecerá o seu desenvolvemento artístico.

Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos. Pola súa vez, desde unha perspectiva de xénero, poñerá as nenas e os nenos en contacto con diversidade de obras relacionadas con expresións artísticas variadas, para iniciar así o desenvolvemento do sentido estético e artístico.

Por último, a linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autocoñecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Esta etapa concíbese como un continuo de aprendizaxe. Desde o seu nacemento, as experiencias vitais das nenas e dos nenos amplíanse e diversifícanse de maneira progresiva. Paralelamente, espertarase o interese e a curiosidade por descubrir e explorar as posibilidades expresivas das diferentes linguaxes e formas de expresión para comunicarse de maneira cada vez máis eficaz, persoal e creativa nos distintos contextos cotiáns.

As diferentes linguaxes e formas de expresión que se recollen na área contribúen ao desenvolvemento integral e harmónico das nenas e dos nenos e deben abordarse de maneira global e integrada coas outras dúas áreas mediante o deseño de situacións de aprendizaxe nas que poidan utilizar diferentes formas de comunicación e representación.

E todas elas deben ter cabida nas actividades da aula, xa que ofertan formas de expresión máis alá da lingua oral e escrita.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1						
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1		1				1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						1
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cre- ARTE	Traballaremos a linguaxe e expresión plásttica e visual partindo dos grafismos creativos e ampliando as técnicas e materiais empregados para favorecer a súa imaxinación e creatividade.	140	X	X	X
2	A xogar!	Traballaremos os aspectos básicos da lectoescritura a través de xogos e actividades variadas propostas nos diferentes recunchos da aula.	140	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cre- ARTE	140

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa na asemblea contando as súas experiencias ou precepcións.	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprega vocabulario adecuado en función da situación.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprega as dúas linguas cooficiais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega vocabulario nas dúas linguas.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega convencións sociais básicas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa na asemblea e na rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral como medio de expresión.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Fai trazos de xeito controlado.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Explica o que lle fai sentir unha manifestación artística.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Emprega diferentes instrumentos musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Constrúe obras plásticas empregando distintos recursos materiais e técnicas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa ideas a través do que debuxa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Participa en actividades nas que se empregan ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.

Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
2	A xogar!	140

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Parcicipa activamente en distintos xogos.	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprega vocabulario adecuado en función da situación.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprega ambas linguas cooficiais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega vocabulario nas dúas linguas.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega convencións sociais básicas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa na asemblea e na rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Discrimina sons en diferentes xogos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral como medio de expresión.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Fai trazos de xeito controlado.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Recoñece características das palabras.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta compartindo momentos de lectura.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Explica o que lle fai sentir unha representación artística.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Emprega diferentes instrumentos musicais.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Participa en actividades nas que se empregan ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.

Contidos

- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha adecuada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, é fundamental para a consecución das intencións educativas.

En canto aos espazos, dispoñemos de espazos propios e de uso común para compartir, para estar sós, para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A súa distribución ten en conta as necesidades dos nenos/as, de movemento, autonomía, afectivas...

Os materiais curriculares, adecúanse aos tipos de contidos, ás características individuais do alumnado... E ademais son mediadores no proceso de ensino aprendizaxe, tanto positiva como negativamente.

Na aula están presentes elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación co entorno, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar.

En relación ao tempo, a organización deste, debe responder a unha intención educativa. Va ligado á actividade do neno/a e ten que ter en conta os seus ritmos biolóxicos. A flexibilidade é o primeiro criterio que consideramos indispensable para levar a cabo a acción educativa.

Hai que destacar a importancia do XOGO como actividade propia da etapa e motor de aprendizaxe dos nenos/as, garantindo a motivación e ganas de aprender, necesarias para a construción de aprendizaxes significativos. A afectividade debe ser o fío condutor de todas as situacións de e-a.

O neno/a debe ser o protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe (empoderamento), para o cal debe sentirse un explorador activo, poñendo á súa disposición os medios que o posibiliten, así como tamén o acceso a obxectos e a novas fontes de coñecemento. Debemos permitir que asuman pequenas responsabilidades que pouco a pouco serán máis complexas, de forma que avancen en autonomía e valore os seus logros e esforzos, así como os das outras persoas.

Levaremos a cabo actividades en gran grupo, pequeno grupo e a nivel individual, para lograr unha interacción máis específica coa persoa docente.

A educación infantil alcanza o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos/as: o equipo docente, as familias e o entorno. En canto ás familias, destaco a iniciativa das MOCHILAS VIAXEIRAS que parten da biblioteca do centro.

Para abrirse ao entorno, non debemos desaproveitar o potencial educativo das saídas e visitas, planificadas debidamente, programando actividades para antes, durante e despois da experiencia, para sacarlles o maior rendemento posible.

Existen uns principios de intervención educativa, os cales tampouco debemos esquecer para levar a cabo a nosa acción pedagóxica de forma adecuada.

Destaco o principio de globalización, que favorecerá a construción de aprendizaxes significativos, seguindo a Decroly.

O principio de actividade e de socialización, importante para que o neno/a se sinta integrado no grupo polos mestres e mestras. Por iso, temos que promover situacións nas que os nenos/as dialoguen, se comuniquen e interaccionen.

O principio de individualización, baseado na atención aos intereses, ritmos, necesidades e estilos de aprender de cada alumno/a tendo en conta a diversidade da aula. É dicir, supón individualizar a ensinanza, adaptala a cada neno/a, xa que todos somos diferentes.

Na miña intervención educativa, terei en conta tamén outros recursos didácticos básicos, como:

- As rutinas da vida cotiá: son as cousas que suceden todos os días como o momento de entrada e saída, o momento de pasar lista, poñer o calendario.... Estes marcos proporcionan un criterio de constancia e regularidade e permiten ao neno/a establecer relacións de tempo esenciais: o antes, o despois...

- O xogo. Se considera a actividade máis global e creativa que os nenos/as poden realizar. É o medio de aprendizaxe que favorece o desenvolvemento xeral e persoal do neno/a.

A través do xogo os nenos/as exploran a realidade e os obxectos que os rodean, melloran a súa axilidade física, experimentan cos seus sentidos, e desenvolven o seu pensamento.

- O conto: é un elemento motivador que axuda a recrear a linguaxe. Sirve para motivar a súa necesidade de dialogar cos outros e adquirir vocabulario. Grazas aos contos, os nenos nenos estimulan non só a capacidade de falar senon tamén a de escoitar. Ten un gran valor pedagóxico, xa que é unha fiestra aberta á maxia, fantasía e imaxinación dos nenos/as e ao mundo exterior.

- As relacións coas familias, é fundamental para que se produza un desenvolvemento educativo equilibrado dos nenos/as.

- A importancia dos travases nesta etapa educativa resulta fundamental. Os travases son exercicios óculo manuais que axudan ao desenvolvemento muscular. Consisten en traspasar sustancias, xa sexan líquidas ou sólidas de un recipiente a outro, vertelas... ben coas mans ou con algún elemento como pinzas, culleres, botellas...

Cos trasvases o neno/a adquire determinados beneficios para o seu proceso de desenvolvemento como: desenvolven a musculatura, favorecen a coordinación man- ollo, contribúen á evolución e a motricidade fina, fomentan a atención e a concentración, aumentan a autonomía e a independencia, inician en conceptos matemáticos como cheo- vacío, todo- nada, dentro- fóra..., favorecen unha aprendizaxe divertida e a vida en grupo...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Elementos naturais.
Materiais de refugallo.
Materiais elaborados polo alumnado e polas familias.
Material funxible: cartolinas, ceras de cores, rotuladores, folios de cores...
Material elaborado polo profesorado.
Contos e libros informativos obtidos da biblioteca do centro.
Material relacionado cos distintos espazos da aula: materiais para o xogo simbólico, para desenvolver as habilidades lóxico- matemáticas, materiais de iniciación na lectoescritura...
Material mercado.

O material pode variar en función de distintos aspectos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a avaliación inicial, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, da bagaxe cultural que cada neno/a leve consigo, co fin de que o seu aprendizaxe sexa significativo.

Como mestres/as, nesta etapa educativa, partiremos da observación directa e sistemática como medio principal á hora de levar a cabo a avaliación inicial para coñecer de onde parte o alumnado, qué coñece e qué quere coñecer.

Teremos en conta tamén as informacións aportadas polas familias nas entrevistas iniciais así como os datos recabados nestas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores. O alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polos mestres/as que interveñen co grupo de alumnado.

Criterios de recuperación:

Non procede para a etapa de EI.

6. Medidas de atención á diversidade

As actividades propostas terán un carácter globalizado, a partir de problemáticas próximas aos nenos/as, e integradoras de aprendizaxes dos diferentes tipos de contidos.

Prestaremos especial atención ás diferenzas individuais do noso alumnado. Axustaremos o tipo de axuda pedagóxica ás características e necesidades dos nenos e das nenas para facilitarlles a aprendizaxe prevista.

A nosa actividade irá encamiñada a favorecer a socialización dos nenos/as, para que se sintan membros dun grupo cuns dereitos e unhas obrigas que cumprir.

Cada neno/a terá diferentes intereses, capacidades e necesidades, polo cal será preciso adoptar unha serie de estratexias que garantan a atención a esta diversidade. Estratexias tales como:

- Modificación dos tempos; nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos individuais de cada alumno/a.
- Adecuación dos espazos; en función da tarefa e necesidades do alumnado.
- Adecuación da axuda pedagóxica; valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos e momentos de avaliación.
- Adaptación da metodoloxía ás necesidades de cada momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado.
- Ofrecer oportunidades múltiples e variadas de aprendizaxe
- Compensar as desigualdades de partida
- Prestar máis atención aos procesos que aos resultados que obteña o alumnado
- Evitar actividades estandarizadas de execución colectiva
- Realizar unha programación aberta e flexible, que permita acomodar o proceso de ensino ás características e necesidades de cada neno/a e de cada momento
- Ser guía, orientadora e mediadora do proceso de e-a
- Poñer en práctica unha educación compartida, que se traduce nunha boa coordinación e colaboración entre todos os docentes e a súa vez coas familias.

Os principios de intervención educativa os concretamos deste xeito:

- Aprender a aprender e aprender facendo.
- Partir dos coñecementos previos que nenos e nenas teñen sobre o tema. Unha vez coñecidos, iranse presentando os novos que teñan significatividade lóxica e psicolóxica a través das actividades que esperten o seu interese e motivación.
- Prestarase especial atención á adecuada distribución do espazo e do tempo co fin de que nenas e nenos sexan os protagonistas da súa aprendizaxe.
- Enfoque globalizador, entendido como potenciador do desenvolvemento da capacidade de comprensión, que lle permita ao alumnado relacionar as informacións ou experiencias novas que vai descubriendo, integrándoas e incorporándoas para favorecer a construción de coñecementos.
- Crear situacións de aprendizaxe nas que podan facer propostas, tomar decisión, organizar e anticipar as súas accións.

Ademais destas medidas, en cada unidade, e cando sexa preciso dependendo das necesidades, realizaranse

actividades de reforzo e ampliación. De reforzo que tratan de influír positivamente sobre a estima e o autoconcepción do alumnado e a través de actividades de ampliación que permiten a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

En todo momento se tentará que os nenos/as vaian desenvolvendo as diferentes competencias que establece a LOMLOE, impregnando a nosa práctica educativa a través das diferentes áreas de coñecemento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Educación para a paz, educando para a convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, o respecto, a non discriminación...	X	X
ET.2 - Educación para a saúde, fomentando nos nenos/as a adquisición de hábitos de saúde, orde e limpeza.	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade entrámbolos dous sexos, eliminando roles sexistas, fomentando a coeducación.	X	X
ET.4 - Educación medioambiental, aprendendo a valorar, respectar e coidar o entorno.	X	X
ET.5 - Educación para o consumidor, adquirindo actitudes responsables de cara ao consumo.	X	X
ET.6 - Educación vial, adquirindo algunhas normas de actuación na rúa.	X	X
ET.7 - Educación intercultural, adquirindo actitudes de interese e respecto por toda as persoas, sen discriminación por razóns de raza, cultura ou relixión.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades relacionadas co coidado da natureza.	Recollida de elementos naturais na contorna.	X	X	X
Actividades propostas polo concello.	Obradoiros, obra Nadal no Pazo da cultura...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de animación á lectura.	Contacontos, obradoiros propostos pola biblioteca do centro...	X	X	X
Participación nas festas e celebracións do centro (magosto, samaín, día contra a violencia de xénero, día da paz, Entroido, día do libro, día das letras galegas).	Festividades e conmemoracións reguladas pola Orde de calendario escolar para o presente curso académico.	X	X	X
Saída de fin de curso .	Pendente de concretar.			X
Actividades relacionadas co proxecto do centro: "Emocion-arte na Cristina".	Visita a unha panadaría próxima na localidade de Coristanco.	X	X	X

Observacións:

A maioría das actividades complementarias que se desenvolverán ao longo do curso están pendentes de concretar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
As actividades son apropiadas para o alumnado.
Os elementos curriculares aparecen presentes nas actividades que se propoñen.
Tense en conta a diversidade como fonte de aprendizaxe, adaptando as propostas cando sexa preciso e necesario.
Empréganse materiais diversos.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
A temporalización das actividades é adecuada adecuada.
Os ítems de avaliación gardan coherencia cos obxectivos e contidos propostos.
Existe coordinación entre tódolos membros da comunidade educativa.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Estes criterios teranse en conta á hora de avaliar o proceso de e-a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados